

Taller de Estimulación da Linguaxe

ANANAS NA
BRANCA

CEIP Virxe da Barca



@pilimestraal



Esta semana imos traballar a **discriminación** e a **memoria auditiva**.

Grazas á **memoria auditiva** lembramos as cousas que escoitamos nunha orde determinada. Para que precisan os/as vosos/as fillos/as desta aprendizaxe? Para moitas actividades da nosa vida cotiá, como pode ser:

- Lembrar unha secuencia de ordes. Se queremos que "abran a mochila, saquen a libreta e fagan o exercicio 2 da páxina 25 do libro" como van seguir esa secuencia de ordes se non reteñen a información? Pedirán, constantemente que lles repitamos as cousas.
- Para a realización de ditados.
- Para aprender cancións, poesías, definicións, etc.

Xoga un papel moi importante no logro da **COMPRESIÓN LECTORA**, por iso o porque debemos traballala.

Por outra banda, a **discriminación auditiva** reporta a capacidade para diferenciar as unidades fundamentais da lingua oral na comunicación. Considérase unha habilidade básica á hora de adquirir a **fala** e a **LECTOESCRITURA**.

As actividades propostas, van explicadas co que hai que facer, pero se nalgún momento non se entende algo ou hai dúbidas, podedes enviarme un correo electrónico a pilarrima@gmail.com

Estas, están secuenciadas por cursos, polo que soamente deberedes de buscar á do curso corresponde. Non as fagades todas do tirón senón distribuílas pola semana. O ideal sería facer uns 30-35 minutos ao día, repasando as actividades das semanas anteriores.

Discriminación auditiva

4º, 5º e 6º Educación
Infantil

A colorful illustration of a farm scene. In the foreground, a brown hen stands next to two small yellow chicks. To the right is a large red barn with white trim and a white windmill with four blades. The background features rolling green hills, a bright orange sun, and a blue sky with white clouds. A wooden fence runs across the middle ground.

Semana 2. Discriminación auditiva.

Objetivos:


1. Potenciar a asociación de cada son co seu emisor.

Contidos:

- Asociación de sons co seu emisor.

Actividade



A vibrant illustration of a farm scene. In the foreground, a large brown wooden sign with a white border contains text. To the left of the sign, a brown hen stands with two small yellow chicks. To the right, a red barn with white trim and a white windmill with four sails are visible. The background features rolling green hills, a bright yellow sun, and a blue sky with white clouds.

Actividade 1. (4º,5º e 6º de Educación Infantil)

Adiviñamos a quen corresponde cada son:

De seguido, en cada lámina aparecerá un animal da granxa e, ao seu lado, un enlace co seu son.

Se podemos ter enriba da mesa as imaxes dos animais recortadas, perfecto; senón, lembramos aos amigos do rato Pepe.

Gaña UN PUNTO quen acerte a que animal corresponde ese son e perde UN PUNTO o que que non o faga.



Rato Pepe

<https://www.youtube.com/watch?v=IQDjI5z3G5Q>



Cadela Malta

<https://www.youtube.com/watch?v=FSTSCDJ008U>



Gata Cuqui

https://www.youtube.com/watch?v=haCPGn9jR_M




Galo Kiko

<https://www.youtube.com/watch?v=HU-Erz7mxLk>




Galiña Pita

<https://www.youtube.com/watch?v=wqweKdYJZqk>




Polño Mimi

<https://www.youtube.com/watch?v=rkwqc90vt6A>




Burro Cholo

<https://www.youtube.com/watch?v=FwM0QVdM11w>




Cabalo Paco

<https://www.youtube.com/watch?v=JWH4kRp73rM>




Pata Lula

<https://www.youtube.com/watch?v=jRcijZONdM>




Vaca Violeta

<https://www.youtube.com/watch?v=Vhwdq3fPFV8>



Ovella Linda

<https://www.youtube.com/watch?v=-JZDV1dqagY>



Porco Ramón

<https://www.youtube.com/watch?v=57UemLMGvvQ>



Coello Lolo

<https://www.youtube.com/watch?v=JyUvX7pozCk>

Memoria auditiva

4º Educación Infantil



Memoria auditiva.

Objetivos:

1. Mejorar a memoria secuencial auditiva de elementos en orde directa.

Contidos:

- Memoria secuencial auditiva.

Actividades →

Actividade 2. (4º de Educación Infantil)

Lembramos...Que dixos?:

Diremos series de palabras (de 2 e de 3) relacionadas coa granxa, se é posible, para que os/as nenos/as as repitan. Se vemos que se pode, aumentaremos a 4 e 5 palabras.

Exemplo:

can-ovo

gato-pataca

pito-planta-árbore

vaca-pato-tomate



Memoria auditiva.

Objetivos:

1. Lembrar a palavra que falta numa serie con respecto a outra dada anteriormente.

Contidos:

- Memoria secuencial auditiva.

Actividades →



Actividade 3.
(4º Educación Infantil)

Lembra... Cal falta?

Pedimos que nos escoiten atentamente. Primeiro diremos unha serie de dúas palabras e logo repetiremos só unha das dúas palabras para que os/as peques pescuden cal é a que falta.


Exemplo:

can-ovo, que dixeran?

Agora vou dicir só unha palabra e me tes que dicir a que NON digo:
ovo, cal falta?

Aumentaremos o número de palabras (series de 3, 4 e 5) pouco a pouco.





Memoria auditiva.

Objetivos:

1. Identificar a palabra engadida a unha serie dada.

Contidos:

- Memoria secuencial auditiva.

Actividades →

Actividade 4.
(4º Educación Infantil)

Lembra... Cal engadín?

Pedimos que nos escoiten atentamente. Primeiro diremos unha serie de dúas palabras e logo as repetiremos engadindo unha palabra máis para que os/as peques pescuden cal é a que hai agora a maiores.

Exemplo:

gato-pataca, que dixeran?

Agora escoita atentamente: gato-pataca-cenoria, cal engadín?

Aumentaremos o número de palabras (series de 3, 4 e 5) pouco a pouco.



Memoria auditiva

5º Educación Infantil

Memoria auditiva.

Objetivos:

1. Mejorar a memoria secuencial auditiva de elementos en orde directa.

Contidos:

- Memoria secuencial auditiva.

Actividades →



Actividade 2. (5º de Educación Infantil)

Lembramos...Que dixos?:

Diremos series de palabras (de 2, 3 e 4 palabras) relacionadas coa granxa, se é posible, para que os/as nenos/as as repitan. .

Exemplo:

millo-ovella

horta-abono

equa-muxir

galo-palla-tractor

pastor-vaca-cabalo

granxeiro-cabra-ovos

porco-cortello-cabaza-poliño

pemento-galiñeiro-leite-sacho

curral-cultivo-leira-regadeira

Se vemos que é posible, aumentaremos ata 5 palabras



Memoria auditiva.

Objetivos:

1. Lembrar a palavra que falta nunha serie con respecto a outra dada anteriormente.

Contidos:

- Memoria secuencial auditiva.

Actividades →



Actividade 3. (5º Educación Infantil)

Lembra...Cal falta?

Pedimos que nos escoiten atentamente. Primeiro diremos unha serie de tres palabras e logo repetiremos só unha das dúas palabras para que os/as peques pescuden cal é a que falta.

Exemplo:

millo-ovella, que dixeran?

Agora vou dicir só unha palabra e me tes que dicir a que NON digo: millo, cal falta?

Aumentaremos o número de palabras (series de 3, 4 e 5) pouco a pouco.



Memoria auditiva.

Objetivos:

1. Identificar a palavra engadida a unha serie dada.

Contidos:

- Memoria secuencial auditiva.

Actividades →



Actividade 4. (5º Educación Infantil)

Lembra... Cal engadín?

Pedimos que nos escoiten atentamente. Primeiro diremos unha serie de dúas palabras e logo as repetiremos engadindo unha palabra máis para que os/as peques pescuden cal é a que hai agora a maiores.

Exemplo:

horta-abono, que dixeran?

Agora escoita atentamente: horta-abono-pataca, cal engadín?

Aumentaremos o número de palabras (series de 3, 4 e 5) pouco a pouco.



Memoria auditiva.

Objetivos:

1. Mejorar a memoria secuencial de elementos en orde inverso.

Contidos:

- Memoria secuencial auditiva.

Actividades →



Actividade 5. (5º Educación Infantil)

Dámoslle a volta á tortilla?

Pedimos que nos escoiten atentamente. Primeiro diremos unha serie de dúas palabras para que os/as peques as repitan en orde inverso.

Exemplo:

horta-abono, repite ao revés?

(A resposta tería que ser: abono-horta)

Aumentaremos o número de palabras (series de 3, 4 e 5) pouco a pouco.



Memoria auditiva

6º Educación Infantil

Memoria auditiva.

Objetivos:

1. Melhorar a memoria secuencial de frases.

Contidos:

- Memoria secuencial auditiva.

Actividades →



Actividade 2. (6º de Educación Infantil)

Lembramos...Que disco?:

Diremos frases curtas relacionadas coa granxa, se é posible, para que os/as nenos/as as repitan. .

Exemplo:

Estragouseme o tractor.

A galiña puxo 6 ovos.

Na miña horta plantei leitugas.

Aumentaremos o número de palabras pouco a pouco.



Memoria auditiva.

Objetivos:

1. Melhorar a memoria secuencial de sílabas.

Contidos:

- Memoria secuencial auditiva.

Actividades →



Actividade 3. (6º de Educación Infantil)

Lembramos...Que disco?:

Diremos series de 4 sílabas, para que os/as nenos/as as repitan na mesma orde dada.

Exemplo:

pi-ca-mo-de
fa-lo-se-ba
nu-ra-ci-jo

Aumentaremos o número de sílabas pouco a pouco.



Memoria auditiva.

Objetivos:

1. Identificar e associar a sílaba inicial e final.

Contidos:

- Encadeamento de palabras.

Actividades →



Actividade 4. (6º de Educación Infantil)

Xogamos ás cadeas:

Sinalamos un obxecto ou imaxe relacionada coa granxa e pedimos que nos digan cal é o seu nome. Preguntamos cal é a última sílaba desa palabra e pensamos outra que empece por esa (facemos unha cadea de palabras).

Exemplo:

vaca-cabaza-zapato-tomate-terra-rato



Memoria auditiva.

Objetivos:

1. Lembrar a sílaba que falta nunha serie respecto a outra.

Contidos:

- Memoria auditiva.

Actividades →



Actividade 5. (6º Educación Infantil)

Lembra...cal falta?

Pedimos que nos escoiten atentamente. Primeiro diremos unha serie de tres sílabas e logo repetiremos só dúas das tres para que os/as peques pescuden cal é a que falta.

Exemplo:

mi-lo-ba, que dixeron?

Agora vou dicir só dúas e me tes que dicir a que NON digo:
lo-ba, cal falta?

Aumentaremos o número de sílabas (series de 4 e 5) pouco a pouco.



Memoria auditiva.

Objetivos:

1. Identificar a sílaba engadida a unha serie.

Contidos:

- Memoria auditiva.

Actividades →



Actividade 6. (6º Educación Infantil)

Lembra...cal engadín?

Pedimos que nos escoiten atentamente. Primeiro diremos unha serie de tres sílabas e logo repetiremos o mesmo engadindo unha máis, para que os/as peques pescuden cal é a que hai agora a maiores.

Exemplo:

lu-ce-fa, que dixeron?

Agora escoita atentamente: lu-ce-fa-te, cal engadín?

Aumentaremos o número de sílabas (series de 4 e 5) pouco a pouco.

